

UNHA ACHEGA AOS NÓSOS CRUCEIROS

Por Manuel Aldao Portas



*Cando a pedra durmida e acochada
Da terra nai no garimoso seo ,
Desperta do seu sono milenario
E quer ser oración e pensamento,
Frorece nun varal, estende os brazos,
E pódose de pé faise cruceiro.*

Ramón Cabanillas

LIMIAR

O cruceiro é un dos monumentos populares mais abundante na nosa terra. Nace como froito do fervor relixioso, da devoción, do profundo respecto que os galegos sentimos polos nosos antepasados, e da firme crenza de que as oracións e sufraxios redimen as penas das almas dos defuntos que están no Purgatorio.

"Oración de pedra para perenne agradecemento", "revelación de espiritualidade", "un pecado e un perdón que baixou do Ceo". etc. son algunhas das definicións que os poetas lle atribúen ao cruceiro; Cabanillas faino brotar do seo da nosa terra.

A paisaxe de Galicia non se concibe sen eses monumentos. Sáennos ao paso en calquera recuncho dos camiños, nas máis remotas aldeas, nas vilas e nas cidades. Unha cantiga popular portuguesa di:

Sen Alminhas nen Cruzeiros
O seu cunho original
Portugal sería tudo,
tudo, menos Portugal.


Sen os cruceiros Galicia tamén sería todo, pero non ela mesma.


XÉNESE

A orixe da cruz de pedra como precursora dos cruceiros perdese no tempo. É difícil poñerlle data a ese paso da transformación de cruz a cruceiro, tan só podemos aventurar hipóteses.

Coa fe cristiá asentada profundamente na nosa terra, aqueles lugares que conservaban crenzas máxicas procedentes de ritos pagáns anteriores, cristianizáronse coa presenza dunha cruz. Os miliarios que balizaban esa rede de antigas calzadas romanas non escaparon a esa corrente, e sobre algúns deles graváronse cruces, e noutros chantáronse cruces de pedra. En *As cruces de Pedra na Galiza*, Castelao defende que este é o primeiro paso na evolución

No caso dos miliarios, temos unha cruz sobre outro elemento perfectamente diferenciado, e querendo buscar unha representación mais airosa e harmónica, evolucionaría ata acadar a estrutura actual do cruceiro. Os nosos canteiros cheos de arte, de fantasía e de devoción, coas súas rudas pero cariñosas mans, convertéronos en filigranas de pedra.







Outra hipótese sobre a orixe desa transformación, puidera atoparse na imitación da cruz procesional, que un varal á eleva para poder ser contemplada polos fieis, e desta representación nacera a idea de alzar as modestas cruces, transformándoas en cruceiros.

ESPALLAMENTO

Se determinar os pasos seguidos na evolución da cruz ao cruceiro ofrece dificultades, non presenta menos fixar a data en que se produce. Castelao en As Cruces de pedra na Galiza, e a Enciclopedia Galega, sitúao a finais do s. XIV, principios do XV.

Aínda que o cruceiro máis antigo de Galicia do que se ten constatación é o de Melide (s. XIV), atópanse referencias anteriores como a que nos dá a Enciclopedia Galega, citando un documento de 1215, achado no Arquivo da Catedral de Lugo, no que menciona un cruceiro como linde topográfico.

Como vemos existen referencias a cruceiros en Galicia nos séculos XIII e XIV, pero o verdadeiro florecemento prodúcese no s. XVII, ao calar na nosa xente a idea relixiosa do Purgatorio, concepto establecido no Concilio II de Lyon (1274), e que as ordes mendicantes de Franciscanos e Dominicos viñan predicando, ao ser ratificado polo Concilio de Trento (s.XVI), que na sesión XXV institúe como Dogma de Fe a existencia do Purgatorio e a validez das indulxencias na redención de penas para as ánimas dos mortos, mediante os rezos diante dos cruceiros e petos de ánimas ou erguendo estes monumentos piadosos. Desta intencionalidade dan testemuña as inscricións e a presenza dos petos de ánimas ao pé dos cruceiros.




Para o asentamento búscanse lugares sagrados, así atopamos os cruceiros no adro das igrexas ou na contorna, deslindando o espazo de influencia do punto sacro, neste caso o templo, no eirado das ermidas, na beira dos camiños en lugares moi visibles de fácil acceso para que todos puidesen achegarse a el e rezar unha oración ao seu pé, e nas encrucilladas, que aínda conservan ese ancestral halo de misterio de lugar máxico, hoxe baixo a protección do cruceiro sempre sacro. Cando aparecen en lugares afastados adoitan lembrar un suceso lutuoso ocorrido no lugar. Os familiares dun finado ergueron o cruceiro na súa memoria, convidando a rezar unha oración pola súa alma. Tamén nos cemiterios, lugares sagrados por excelencia, preside o recinto.

[Continuará]

UNHA ACHEGA AOS NÓSOS CRUCEIROS

Por Manuel Aldao Portas



No século XX era frecuente que, na construción de novas barriadas como Obra Social do Estado, no terreo público se erguese un cruceiro. Tal é o caso da barriada da Banda do Río en Bueu, da de Mogor en Marín, ou da de Vilariño en Cangas. Non había pois unha motivación, nin promesa, nin suceso lutuoso.

No último terzo do século XX, aparece unha nova motivación no alzamento destes monumentos, a puramente ornamental, e así, moitas residencias particulares, aparecen con cruceiros nos xardíns, que tampouco son froito de "promesa", "perdón de pecado" nin "redención de penas", pero si cremos ver que amosan unha confesionalidade.


Esta corrente ornamental esténdese a xardíns públicos, parques industriais, miradoiros e un longo etcétera, como podemos comprobar dando un paseo urbano pola nosa terra. Como en todo hai excepcións, temos o caso de Bueu, que un cruceiro con data de 1700, situado nun cruce de camiños no medio do monte, houbo de ser desprazado para construír o parque industrial de Castiñeiras, e hoxe preside a entrada sur de este recinto.

ARQUITETURA

Para que unha obra artística sexa catalogada como cruceiro debe conter os seguintes elementos: PEDESTAL, COLUMNA (fuste, mastro, varal), CAPITEL e CRUZ, esta última, con ou sen imaxes.


É moi frecuente que ademais destas partes sinaladas como fundamentais, o cruceiro estea enriquecido con unha PLATAFORMA (basa, basamenta) e en ocasións cunha MESA.

A PLATAFORMA (basa, basamenta)




Dado o peso e a altura destes monumentos, chantados sempre a intemperie, é necesario dotalos dunha cimentación axeitada. Mais os canteiros non se conforman con construír un soporte suficiente, queren magnificar o cruceiro, e constrúen artísticas plataformas en diferentes deseños e tamaños.

Este complemento na estrutura do cruceiro, aparécenos




con unha, dúas, tres, catro e, cinco, seis e ata sete gradas, tal é o caso do Cruceiro do Salgueirón, en Cangas na finca Massó, e en variadas formas xeométricas. As máis frecuentes son de xeito cuadrangular ou hexagonal. Nas chamadas "Cruces do peregrino", que sinalan o camiño de Santiago, esta gradas, cumpren ademais a función de invitar ao descanso, ofrecéndose como asento para o camiñante.




MESA

Nalgúns cruceiros, incorporada á plataforma, hai unha mesa - altar para as ofrendas. Cando estes cruceiros con mesa estaban a beira do camiño do percorrido dos cortexos fúnebres ao cemiterio utilizábase tamén para pousar o cadaleito mentres rezaban os responsos.




O PEDESTAL



Agás dos cruceiros que van chantados nun penedo natural, o pedestal é arquitectonicamente imprescindible. Ademais da sólida cimentación que lle presta á plataforma, faise necesario unha peza pesada para fincar a columna, que a aguante nun equilibrio vertical con todo o peso, e poida soportar as forzas que o vento vai a exercer sobre el.

A maioría dos pedestais son simplemente unha peza de forma cúbica, cunhas medidas que oscilan entre 50 e 60 centímetros de lado, en función da altura e peso do conxunto monumental. Non obstante atópanse algúns máis elaborados, con molduras, gorxas, toros e escocias.




[Continuará]

UNHA ACHEGA AOS NOSOS CRUCEIROS



A COLUMNA (fuste, mastro, varal)

Por Manuel Aldao Portas




É a peza máis longa no conxunto, fincada no pedestal eleva a cruz magnificando a presentación. Pola súa lonxitude, que oscila entre dous e catro metros, e pola delgadeza, os canteiros teñen que escoller unha boa peza sen fallas. Frecuente que iniciase con un curto tramo cuadrangular, seguido dun hexagonal, octogonal ou cilíndrico. O diámetro redúcese a maneira que sobe, para facelo lanzal, e remata con uns centímetros menos, respecto do arranque da base. A columna soporta o peso do capitel e da cruz, que nos cruceiros de dobre imaxe xa é considerable e incrementado polo impacto do vento sobre esa masa de pedra.

Tamén nesta peza os canteiros fan alarde da súa arte, e non se conforman cun poste que cumpra a función de soporte e resistencia, empregan as diferentes formas xeométricas citadas, e ademais podemos atopar algunhas acanaladas, outras espiñosas e ata tratando de semellar troncos de arbores. Mesmo eventualmente encontrámonos con símbolos da paixón tallados na mesma columna, pero deste aspecto falaremos no apartado da "Iconografía".



O CAPITEL



Como norma arquitectónica a columna remata sempre cun capitel, dun ou doutro estilo. No caso dos cruceiros, por estética, era necesario interpoñer entre a columna e a cruz un elemento que marcara a diferenza, ao tempo que servía de unión entre estas dúas partes. Así aparece o capitel que aporta fermosura ao conxunto, e á vez é a referencia para distinguir unha cruz alta dun cruceiro.

Esta peza, en ocasións atopámola moi simple, como un dado cadrado ou unha bola entre esférica e ovalada, outras, en cambio aparece extraordinariamente elaborada, como

ocorre cos capiteis corintios, labrados con follas de acanto, volutas e outros adobíos. No capitel parece que o canteiro se sente libre para desenvolver a súa obra, que non ten condicionantes, por iso atopamos capiteis de cruceiros que se apartan de todo estilo ou norma, só obedecen a creatividade do escultor.

[Continuará]





UNHA ACHEGA AOS NOSOS CRUCEIROS

A CRUZ

Por Manuel Aldao Portas



Na cruz, polo que simboliza, reside a esencia do cruceiro, teña ou non imaxe, dado que por ela recibe tal denominación.

Nunha porcentaxe moi elevada a cruz adoita ser latina, antropomorfa; á grega, dos catro brazos iguais, atópase poucas veces e case sempre en cruceiros sen imaxe, non obstante, algúns hai, por exemplo, nun pequeno cruceiro en Montemogos, Beluso, e no cruceiro de Roubín, en Lapamán, Cella.





Os trazos son moi variados. Dende os simplemente cuadrangulares ou cilíndricos, ata outros máis complexos. As cruces ofrecen en ese intermedio, mais de vinte e cinco trazados de sección diferentes: hexagonal, octogonal, romboidal, espiñoso, etc. O canteiro, nese desexo de ofrecerlle ao Redentor toda a súa capacidade creativa, esforzase en dar beleza a cruz ideando variadas formas e floreando o remate dos brazos e do cabezal.

Nas que teñen imaxes, na cara frontal está Xesús, e en moitos, buscando un equilibrio arquitectónico e emocional, no reverso sitúan a Virxe María, deste xeito completan o cadro e compensan as forzas do peso da cruz.



Como un grupo especial, podemos considerar as cruces dos cruceiros góticos, porque na súa arbore, o canteiro verte toda a súa fantasía e capacidade artística, en detrimento das imaxes que son raquílicas, con escasa labra e desproporcionadas, como podemos comprobar nos cruceiros de Santo Domingo e Santa María (Pontevedra), Santo Domingo de Bonaval, (Santiago de Compostela), cemiterio de Noia, Fisterra e outros.

[Continuará]




UNHA ACHEGA AOS NOSOS CRUCEIROS



Por Manuel Aldao Portas

ICONOGRAFÍA DO CRUCEIRO

NA CRUZ





A cruz é a razón e fundamento do cruceiro ao presentarnos no anverso a Xesús crucificado como Redentor da Humanidade. Nos principios do s.IV (Concilio de Nicea), o Cristianismo aceptou a cruz como símbolo e dogma da súa fe, pero seguiu reticente a considerar a parte humana da crucifixión. Os propios evanxelistas pasan moi por enriba de algo tan transcendental. Non asumían que Xesús como Deus puidese sufrir tanta humillación e aldraxe. Son evanxeos apócrifos os que describen o drama que supuxo a flaxelación e posterior crucifixión. Pasaron séculos para admitir este feito, e as primeiras representacións artísticas da crucifixión amosan un Cristo vivo, maxestático, vestido con amplas túnicas, temos que chegar ao Renacemento para atoparnos coa realidade da morte plasmada nas obras de arte.



Esta reserva da igrexa alcanza, séculos máis tarde os cruceiros, que nun principio, seguindo a corrente dos antigos imaxineiros e ourives, mostran a Xesús ergueito e co corpo vestido (Melide), e ata crucificado sorrinte, (Praza da Leña, Pontevedra). Se ben é certo, que existen poucos casos como estes, son excepcións, pero si son abundantes os que amosan ao crucificado coa cabeza ergueita, ollando de fronte, corpo moi dereito e cos brazos perfectamente en cruz. Será como dicíamos, no Renacemento (s XV; XVI) cando nos amosan o drama cun Xesús morto, coa cabeza caída o corpo pendurando dos brazos e as pernas dobradas. Non obstante, atópanse cruceiros con data posterior o s. XVI coa imaxe de Cristo ergueita.

No reverso o sufrimento da nai, representado no cadro escénico da Piedade, imaxe da Virxe co fillo morto no colo, a Dolorosa cos sete espetos no peito e outras evocacións.






A representación habitual presenta a Xesús espiado, tapando as partes pudendas cun pano, cravado con tres cravos, un en cada man, e outro para os dous pés. En canto á posición dos pés, Castelao, en *As Cruces de pedra na Galiza*, afirma que nos cruceiros galegos e bretóns "sempre, sempre o pé dereito monta sobre o esquerdo (paxina 151)" Podemos afirmar que isto non é exacto, atópanse varios cruceiros co pé esquerdo sobre o dereito, como o do pazo de Castrelo en Bueu, o da illa de Óns, o de Fazáns en Moaña datado en 1907, o da Chamusca en Pontevedra entre outros.

Temos coñecemento de dous cruceiros en Bueu, de recente factura, chantados en fincas particulares, o de "Roubín" en Lapamán (Cela), e o do "Amor" en Os Reis (A Graña, Bueu) nos que o crucificado está cravado con catro cravos, dous nas mans, e dous nos pés Durante as horas que Xesús permaneceu vivo pendurado da cruz segundo os evanxeos de S. Mateu

27/45, S. Marcos 15/25,33,34 e S, Lucas 23/44 "de a hora de tercia ata a hora de nona", é evidente que adoptaría moi diferentes posturas cos escasos movementos que lle permitía a situación de crucificado: ollando o ceo, mirando ao chan, ladeando a cabeza ao lado dereito ou ao esquerdo, dobrando ou estirando os dedos das mans, o corpo ergueito ou colgado dos brazos. Todos estes xestos e movementos e estigmas das chagas do costado e dos golpes, son recollidos polos artífices, e plasmados nuns ou outros, dos diferentes e abundantes cruceiros de Galicia.

O cruceiro de Covelo ofrécenos un perfecto estudo anatómico, con Xesús coa cabeza completamente deitada sobre o ombreiro dereito, un anxo recollendo nun cáliz a sangue que mana do costado

Castelao, na *As cruces de pedra na Galiza*, di: "a partir do século XIII [.....] aparece Cristo morto coa cabeza deitada sobor do lado dereito. Así se ve na inmensa maoría dos nosos crucifixos, dacordo coa narración evanxélica, e nunca endexamais se ve coa cabeza deitada cara o lado esquerdo" (paxina 152). Certo é que a inmensa maioría dos cruceiros teñen a cabeza caída a dereita ou cara adiante e algúns ergueita, pero hai constancia de dous cruceiros nos que Xesús ten a cabeza ladeada lixeiramente para o lado esquerdo, cruceiro de Raindo, en Vila de Cruces e o da Laxe, en Darbo, (Cangas).



UNHA ACHEGA AOS NOSOS CRUCEIROS

Por Manuel Aldao Portas

ICONOGRAFÍA DO CRUCEIRO (continuación)



A coroa de espiñas é outro símbolo da paixón de Cristo que aparece representada en case todos os cruceiros, con máis ou menos labra, o mesmo sucede coa táboa de INRI.

Todas as posicións e sinais do corpo de Cristo son interpretadas polos eséxetas como símbolos do poder e amor de Deus para a redención das nosas faltas. Cando nos mostran a un Cristo maxestático coa cabeza ergueita, entenden que transmite ser Deus vivo, inmortal. Na posición das mans e dos dedos, tamén atopan uns símbolos, unhas mensaxes: Así, as mans abertas mostrando os cravos manifestan o perdón e a misericordia de Deus, as mans pechadas o poder, coa man dereita ten co dedo índice e medio estirados mostra que Cristo nos está bendicindo. A representación das mans con só o dedo índice estirado é interpretado de modo diverso polos estudiosos, para uns, Cristo acusa a humanidade do deicidio que se está a acometendo, para outros esa lectura parece incompatible coas palabras de Xesús expresadas dende a cruz, que lemos en San Lucas 23/34, "Pai meu, perdóalles que non saben o que fan".

Intentando buscar outra interpretación para esta posición da man de Xesús, aventuramos a seguinte hipóteses: Nos evanxeos, San Xoán, 19/26 lemos: "Habendo mirado pois, Xesús a súa nai e o discípulo que El amaba, o cal estaba alí, dille a súa nai: Muller aí tes o teu fillo". Querería o canteiro, con ese dedo indicador representar este intre?. ". Na vida cotiá, adoitamos acompañar a expresión verbal cun xesto de sinalación.

Dada a vínculo do cruceiro co camiño de Santiago, ese único dedo estirado, estaranos a sinalar o camiño?. Tampouco podemos descartar esta opción.

A chaga do costado da que manou sangue e auga, (San Xoán 19/34), "un dos soldados coa lanza abriulle o costado, e o instante saíu sangue a auga", interprétase como símbolos do bautismo e da eucaristía, por iso con certa frecuencia atópanse cruceiros con un anxo sostenendo o cáliz que recolle o sangue redentor.

No reverso da cruz, se non está baleiro, atopamos a imaxe da Virxe en diferentes advocacións. As escenas máis frecuentes son: a da Piedade, a Virxe co fillo morto





no colo, cruceiro do Salgueirón (Cangas), a Dolorosa, con sete espetos no peito, igrexa de Bueu, a Virxe con manto e as mans recollidas pregando, o Sinal, (Cangas), en menor número aparece a Purísima, con dous anxos coroándoa, como no cruceiro de Pazos; (Marín), a Virxe como raíña e nai, coroada, co neno no colo, cun garrote na man dereita e o demo baixo os seus pés, como no cruceiro do eirado da parroquia de San Xosé Obreiro, Marín. Nas zonas costeiras, sobre todo en cruceiros de mediados do século XX, aparécenos á advocación da Virxe do Carme. Na provincia de Pontevedra, algúns evocan á Virxe Peregrina

Non se adoitan encontrar imaxes de santos no reverso da cruz, non obstante, existe algún exemplo como no cruceiro de Nosa

Señora do Porto (Marín) que ten no reverso un San Miguel con espada e escudo e o de San Roque (Cangas) que presenta un santo espido con pano púdico e coas mans atadas atrás, en semellanza coa iconográfica de San Sebastián.

Nos nosos cruceiros, no espazo da cruz, non adoita haber outras imaxes que as mencionadas, pero dáse un curioso caso no eirado da igrexa de Porto do Son (A Coruña). Neste cruceiro ao pé da cruz, temos a San Francisco, e Xesús, coa man dereita descravada, bóta-la polo lombo, simbolismo do abrazo que san Francisco manifestaba haber recibido de Cristo.



NO CAPITEL



Como símbolos iconográfico, podemos atopar querubíns, aludindo ao segundo coro de anxos gardiáns da Gloria de Deus. Nun cruceiro en Ínsua (Ponte Caldelas) o capitel está formado por catro anxos con ás, e do medio deles xurde a



cruz. No cruceiro do mal ladrón dos calvarios, aparecen faces deformes.



As veces, pola cara en que esta Xesús, preséntase unha caveira con dúas coxas cruzadas, como símbolo da morte, ou alusión ao monte Gólgota, tamén coñecido como monte da Caveira por semellar esta forma e ser o lugar onde se levou a cabo a crucifixión.

[Continuará]


UNHA ACHEGA AOS NÓSOS CRUCEIROS

Por Manuel Aldao Portas

ICONOGRAFÍA DO CRUCEIRO (continuación)

NA COLUMNA

Na columna atopamos, entre outros, os símbolos do pecado orixinal, Adán e Eva espidos, e a serpe ofrecéndolle a mazá, esculpidos na propia peza, ou engadidos, así como os signos da paixón: Martelo, tenaces, os tres cravos, escada, látego e coroa de espiños, como é o caso do cruceiro da igrexa de Bueu. O cruceiro de San Simón (Vilanova da Arousa), ademais de todos os signos citados no da igrexa de Bueu, ten a lanza, a columna de flaxelación, vaso de esencias, a bolsa de Xudas e ata un galo, recordándonos ao que cantou, cando Pedro negou a Cristo. Aínda que raramente, na columna podemos atopar inscricións, como ocorre no da igrexa de Bueu que ten a data.



Tamén na columna se incorporan os santiños, ás veces tallados na propia peza, en en outros casos labrados separadamente e logo pegados. Estes santos varían segundo a devoción da persoa que encarga o cruceiro. Os que máis se repiten son o Apóstolo Santiago peregrino, ou o Santiago sedente, que preside o Pórtico da Gloria na catedral de Santiago de Compostela, San Antonio, San Francisco, San Roque etc.



NO PEDESTAL



O pedestal, pola súa morfoloxía, é a peza do monumento onde se sitúan normalmente as inscricións referentes a data, o nome da persoa que costeou a obra, detalles da intencionalidade do cruceiro e, ás veces, ocasionalmente o nome do autor.

As inscricións, polo método que seguían os can-teiros de aproveitar os trazos dalgunhas letras para a seguinte ou como no caso da palabra "de" escrita D con un trazo no medio, as abre-viaturas, moitas veces de difícil entendemento, as erosións xeradas ao longo do tempo, a disposición das letras e palabras no texto, as carencias escolares destes magníficos artífices, etc., teñen dado lugar a confusións na interpretación das mesmas.

Tamén son habituais as caveiras coas coxas cru-zadas



Algúns pedestais teñen practicada unha cavidade, que pechada con unha prancha de ferro, oficia co-mo peto. Noutros ben arri-mados ou sobre el, pódense atopar pequenos reta-blos de ánimas igualmente con peto, para recoller as

esmolas.



NA PLATAFORMA

A plataforma ten como misión a de ele-var o cruceiro. Non aparecen sobre ela signos iconográficos nin outros engadi-dos agás da mesa – altar que as máis das veces está asentada sobre as gra-das, e en algúns casos unha rexa que defende ao cruceiro. Non obstante, hai excepcións, como o caso do monumental cruceiro de Covelo que ten como plataforma un artístico cipo e sobre el seis estatuas alegóricas. Nun dos laterais ten un retablo de ánimas, e noutro a lápida cos datos da fundación.



[Continuará]

UNHA ACHEGA AOS NOSOS CRUCEIROS

Por Manuel Aldao Portas

Con esta achega aos nosos cruceiros, tan só pretendemos que nunca os contemplemos con indiferenza nin artística nin relixiosa.



Nunca coñeceremos a intención da persoa que o mandou erguer, pero é, precisamente esa incógnita, a que pode, ao contemplalo, espertar en nós un sentimento, que vai máis alá do seu valor artístico. Algo animicamente profundo radica ao pé de cada cruceiro, por moi sinxelo que este sexa.

O mesmo que as persoas son todos diferentes; todos teñen caracteres propios que espertan en nós o interese polo estudo da súa simboloxía e á admiración artística. Atopamos pezas cun perfecto equilibrio nas proporcións e distribución das imaxes.

Nunha primeira ollada, talvez non nos decatemos da importancia deste feito e das dificultades para conseguilo. Poño como exemplo este caso concreto. Para elaborar esta sinxela e pequena imaxe foi preciso, partir deste bloque de pedra que medía, 1,00 m. X 70. X 50cms.



Imaxinemos agora, o tamaño da pedra e o complexo estudo de distribución, para esculpir estoutro, con sete imaxes no bloque da cruz.

Froito dese traballo, aí están os cruceiros, convidándonos ao amor, ao perdón e á oración.

*A agonía do solpor
Conmóve o pranto da terra
..... E a paisaxe persínase
..... Con santas cruces de pedra.
Luís Amado Carballo*